

# ⊙ Lérez que xungue, que murmura: mirada próxima a un río tímido, escasamente tabernario

Guillermo Campos.

Xomalista, director-fundador da revista HG&T, presidente da Asociación Galega de Xomalistas e Escritores de Turismo (AGAXET) e de Amigos de Antonio Odriozola.

Un recorrido con tentacións sociolóxicas polo río que nace e se entrega entre cenobios de histórico cuño como facho. Do de Aciveiro preto do que agroma e a coller carreira por angostos canóns montesíos, ata tomar un respiro no menor que albergou Tenorio, xa inmediatamente, o de San Bieito de Lérez que visa a unción fluvial coa urbe e co mar... Así atesoura tres validacións monacais esta corrente ancestral do Lérez: o río xungue e xúnguenos dende os somontes do Candán (que son de Forcarei) ata Pontevedra, nucleando entre medias Cerdedo-Cotobade e servindo de fronteira con Campo Lameiro, na *rive droite*. Este traballo non é unha guía ao uso de viaxeiros baixo crono. Quere aportar de sotaque máis dunha reflexión sobre as singularidades e concomitancias dun leito que conecta e impulsa de principio a fin os latexos da Terra de Montes nativa, do val polo que chancea nos últimos dez quilómetros prelitorais, ata esa placidez de ribeira urbano-fluvial que de repente monopoliza o barrio capitalino de Monte Porreiro a un lado, ao outro Lérez co seu convento no alto. Aí xa é foz, paseo urbano de salón por Pontevedra, a cidade do Lérez. Defróntese, no contexto, un posicionamento territorial.

Un *acepipe* antes de entrar en pratos principais. Na intrahistoria deste turístico e moi acreditado vencello entre cidade e río acumúlanse palpacións, decisións, traballos e días que propiciaron as relacións primeiras, e as que viñeron, ata fraguar en realidades entre a xente e o medio, as adaptacións sociais e económicas que no decorrer dos tempos propician políticas, crenzas, liderados, dominios, poderes administrativos, e derivados, empezando por vías de comunicación que van habilitando novas ou corrixidas modificacións e adaptacións poboacionais. As arraigadas na perspectiva destes nosos días lévannos a establecer tres grandes actos para un mellor coñecemento e transcendencia deste Lérez, “rebelde solitario”, ao paso polos impresionantes escenarios naturais que nuclea o río, e as estradas que o vixían, ou intúen...

Os dous tramos máis altos e longos son montesíos: un primeiro entre o nacemento no pé do Candán e Cerdedo; un segundo encaixado que localizaríamos entre Pedre e as parroquias de Sacos pola marxe esquerda, e ata Campo Lameiro pola

dereita; e o terceiro e máis curto tramo ben identificable: o val que se abre á Ría de Pontevedra a partir de San Xurxo de Sacos e *partenaires* da dereita –porque Fragas ou a “viascondita” Atalaia teñen emprazamentos ribeiregos- sexa todo visto, para situación panorámica do lector, a ollada de gabián que siga o decorrer das augas e, visualmente, da N-541 en paralelo desde Folgoso, unha vez que entroncou aquí con ela, a PO-534, dende o camiño de Aciveiro e a bisbarra do Deza. Situados no mapa, situemos outros latexos territoriais compartidos ou compartibles.

Teñen o seu aquel. Para empezar, o Lérez é un río solitario, autónomo, parece interesado no anonimato, a diferencia doutros que se ofrecen para canto recreo xurda entre aborixes e seareiros de paso. Baixa cauteloso, calado, apenas inxerente no vivir das sociedades que xungue, agochado entre profundas e enramadas fragas, agás puntuais e esporádicos asomes ao casarío, nin sequera tabernarios –algún hai, tanxencial en Cerdedo, algo máis secantes nas baixas de Cotobade e o Campo- e si se deixa ver e tocar,

pouco, nos predios periurbanos como as Pontes de Bora, ata que de todo, na foz, cando se presenta coa andaina cumprida.

Onde as hortas da Fontaña (Lérez) comparten localización cos bosques de ribeira mourentáns enfronte –ritos romeiros de san Benito, arriba; festa romeira en Monte Porreiro, abaixo- o Lérez entrégase á cidade, deixa atrás o periplo rural para converterse en equipamento urbano e urbanizado, aínda que mantendo cabeleira verde, frondosa, convivindo con xunqueira... Entrégase sen recatos á sociedade urbana, o montés faise burgués polo Burgo peregrino, mira para Santa María que sabe tanto das súas avenidas de outrora como dos sutís forcexos cotiáns por ver cando é menos río ou máis mar. Acabará predominando o salgado, despedido dos peiraos da Moureira, o Poio colombino enfronte, Marín achegándose segundo nos leve a marea baixante pola autovía...

Pero non nos engane o que parece unha natural rendición, por máis que resulte ser un destino inexorable.



Mosteiros de Lérez (esquerda) e Aciveiro. Entre estes dous fachos do monacato galego, un río fai de fío umbilical entre xeitos de vivir cicelados por ourives do granito, raíz rupestre para unha cantería rural e urbana transfronteiriza. O Lérez profundo é en si mesmo un canteiro consumado.

O Lérez ten vida propia, misión aceptada dende o nacemento máis alá de alimentar a ría que xestou e patrocina. Alenta, motiva e referencia a vida dos propios ribeiregos a pesar de que se mesture pouco con eles. Consegue establecer unha pegada, rexistra comportamentos, un xeito de vivir, xungue conformando un territorio común, vencellado e xeograficamente estruturado inda que socialmente desarticulado, parcialmente polo menos, paréceme. Materias por aprobar.

Se cadra este é o fío que compre ganduxar, xunguindo nun todo individualmente personalizado, os anacos de fitos e fotos ilustres que vai regando o Lérez pola conca que empeza ao pé dun mosteiro de grandeza abacial cisterciense, o de Santa María a Real de Aciveiro. Abríndose paso coma un furón: dos seus 62 quilómetros de lonxitude, practicamente preto de medio cento discorren entre profundos canóns, como entregado a praceres exclusivos entre ciclópeas coxas montesías..., ata o val do Lérez, estancia máis nivelada e aberta, cando desde o alto de Viascón na estrada nacional albíscase ábrese a gran vagoada e albíscase a ría, antesalas da súa rendición urbana: “*Carballeira de*

*Tenorio/eite de ter que cortar/ cando baixo por Viascón/ non me deixas ver o mar*”. Deixounos toque pechado para esta cantiga popular que recito de orella Ricardo Portela, gaiteiro de Viascón, aquí no baixo Lérez; no alto grilaron alto nos eidos do esforzo heroico os Cachafeiro de Soutelo de Montes. Nexo musical para o peto colectivo que nos xungue.

Dende Lérez, o Lérez deixase ver dende arriba, na distancia media, non se pode dicir que lonxe... Déixase ver, presumido, cando xa é un solemne galán bailando con mareas previsibles, metido en relacións cidadás, algunha -en tempos- clandestinas, cando non convertido en testemuña muda e impotente de “paseos” nese mesmo Monte Porreiro que nos engaiola, inducidos pola dereita extrema, por certo en moita parte dirixidos por un ribeirego de máis arriba, oriúndo de Cutián, en San Xurxo de Sacos, Víctor Lis Quibén, a quen chamaría carniceiro se os carniceiros non me merecesen respecto. Nun lateral exterior da igrexa de San Salvador, a do conventiño de Lérez, aínda branquexa a placa de mármore cos nomes dos mortos “por Dios y por España”. ¡Non morreron tamén por

España (pola España legal) os fieis á Constitución asasinados no 1936? Velái tarefas de memoria democrática en leito común.

Outros si, pero eses males non os curan os mananciais mineiro medicinais que o Lérez atesoura nas proximidades, chantando vencellos de oferta termal no seu decorrer, e de xeito máis senlleiro precisamente entre paraxes pontevedreses de Mourente e cotobadeses de San Xurxo de Sacos, o máis sonado. Merecen un reflexivo memento, estes recursos, sobre os que hai avances en Cotobade e nada máis ca memoria en Pontevedra. Por debaixo da ermida e carballeira na que máis dun romeiro perdeu a súa navalla -a saber que puido perder no “revolcón” a compañía- accédese ao agora recuperado balneario do San Xusto, unhas pulcras e sinxelas instalacións ao pé do río e manancial sulfuroso con servizos para gozo público e de balde, e bañeiras baixo tellado para máis e mellores controlados gozos, a punto para seren experimentados.

O foco reclámano as de Monte Porreiro... Augas merecedoras de volver polos seus vaporosos fulgores

de hai un século, proxecto de histórico valor ao mesmo tempo que A Toxa, semella que non cabían dúas, señor marqués. A granxa e balneario termal de Monte Porreiro e Augas mineiro-medicinais “Lérez”, foi unha instalación pioneira na industria do turismo de saúde –faltaban décadas para que se lle acabase chamando tecnicamente así- e de comercialización envasada de auga con propiedades terapéuticas, iniciativa doutro ribeirogo do río, o filántropo retornado da Arxentina, Casimiro Gómez Cobas, que conserva panteón matriz no cemiterio de Santiago de Viascón. O balneario de Monte Porreiro é máis ca unha materia pendente para os tempos novos, un recurso reivindicable, cando menos un compromiso colectivo, ou teima socio-económica revitalizadora que cómpre desempoar...

O río contempla e sinte, inda que imitando en certa maneira o deixar andar da clase dirixente. Non se sabe que se inmute polo desaproveitamento de valiosos recursos que van a dar “a la mar”, coma as augas dos ríos de Jorge Manrique. Certo que no eido social cobrou valor e aproveitamento. O Lérez, os seus calmos salóns e enseada ata a foz, e a área xuncal, conforma un aproveitado e suxestivo bloque de alternativas de definición

deportiva, cultural e ata docente, ben aceptadas e gozadas pola cidadanía. Se cadra cómpre arrimar con visión de futuro ao binomio cultura-lecer como xerador de riqueza un terceiro vector: que sirva para redondear outros desfrutes e servizos cotiáns no lecer, alguén dixo que somos cidade “de taza e nécora”.

Porque o propio entorno paisaxístico do tramo periurbano do río, súa riqueza ecolóxica, as achegas artísticas que representan os equipamentos da Illa das Esculturas -unha escolla da creación vangardista nun humidal controlado- e ata a praia fluvial que dá selo populista ao lecer saudable de paseantes e “footingueiros”... non berra con oportunidades para a incorporación de servizos por exemplo hostaleiros, e outros que alimenten a propia atracción do entorno. Enténdase como exemplo.

Consolídase baixo o histórico convenio bieito a fusión de natureza e respectuosa domesticación urbanita; da memoria da ignominia que tivo a cidadanía de costas a Monte Porreiro durante a longa noite de pedra -uns por memoria desgarrada, outros por mala conciencia- pasamos á vangarda escultórica; practícase o *mens sana in corpore sano* máis que o *ora et*

*labora* beneditino... Mentres poden escoitarse os rumorosos, rémase cara o éxito deportivo, ou se combate o colesterol a base de máis ou menos suor pero sen lágrimas.

Estes vivires, ao pé dun cenobio que garda latexos, memoria e presenza de figuras como os padres Sarmiento ou Feijoo, antóllanse un fin *honoris causa*, ao mesmo tempo un incentivo para maiores procuras de coñecemento, para un río que a pouco está de enraizar para o seu ADN nas terras que Otero Pedrayo chamou de pan levar... Ata os dominios de Oseira e Melón chegaban os do mosteiro de Aciveiro. E desde aquí poden vir, en contraste, os saberes de terra adentro, os intercambios irmáns que nos enriquecen; son o outro berce da cultura común, e retroaliméntanse para unha superior envergadura de vivencias, afondamentos e ofertas na cultura, historia e recursos materiais e inmateriais que xungue o río. Oportunidades para ir da man, compartir e cooperar en iniciativas.

As pedras que cicelaron e asinan recoñecidos escultores na Illa das Esculturas son irmáns en versión actual e deseñada das pedras picadas e labradas polos canteiros ribeiros do Lérez en toda a súa conca,



Val do Lérez, foto tomada desde as ladeiras do monte Castelo en Viascón, “telón de fondo” da Ría de Pontevedra cuxa paisaxe, a sensu contrario, ábrese desde a N-541. Antes de que se chantara nela o km 81, nesa altura un emprazamento rupestre xa deixaba ver o mar, como musicou o gaiteiro de Viascón, Ricardo Portela



*Historias que compartir e nas que afondar, agardan maiores imbricacións socio-culturais ao longo do leito do Lérez, montesío e agochado nos dous primeiros terzos, algo máis "sociable" no val no que marcan fronteira municipal Tenorio (Cotobade, xente do Cañón de Pau) co seu clausurado mosteiro, e Bora (concello de Pontevedra), onde se incorpora o río Alfofre. Alí, unha placa rememora "a francesada".*

traballadores da arte de domar a pedra, creativos que se dispersaron coma afluentes deixando creto e saber facer. Pepe da Pena, o autor do Cruceiro de Hío, era cotobadés, sirva como exemplo localizado en Augasantas entre os centos de nomes e obras que agromaron coma cogomelos arredor e moito máis alá do Coto do Abade, dito sexa de paso, tantas décadas considerado orixe do topónimo municipal, hoxe discutido por algún lingüista de respecto, como Gonzalo Navaza. Canteiros e cantería son selo de identidade da conca.

Así aparecen estes saberes da pedra e seus detentadores no exhaustivo nomenclátor que nos legou o cura, que foi de Campañó pero orixinario de Tomonde, Antonio Rodríguez Fraiz, no cumprido volume "Canteiros e artistas da Terra de Montes e Ribeiras do Lérez". Autores de labra, mestres e mesterais do punteiro que levaron a olaría en granito por tódolos horizontes desde estas terras influenciadas polo Lérez. Recóllense con nomes e apelidos, obras e milagres no tal volume de máis de cincocentas páxinas, mestas de apuntes biográficos que se ofrecen, tentadores, a continuar sobre eles o labor investigador herdado e o pulo divulgador de todo o legado material.

Con razón rímase de vello, e deixase constancia, de que "a Terra de Montes ten de todo como en botica: bos canteiros, bos gaiteiros, bos cregos para dicir misa". Amén, e siga o rezo.

O propio río revélase un canteiro consumado. Foi modulando grandes rochas, xerando escarpados cortes perpendiculares coma paredes de canal, redondeando arestas a modo de grandes cantos rodados, provocando caneiros transformados en pequenas e medianas fervenzas, o que orixina bucles de auga en torrente de singular e caprichosa beleza, cando non máis imponentes e serenas estancias. Unha diversidade cromática, plástica -en tantos puntos do que chamamos tramo medio -accesible para coñecedores, os de cana e anzol sábeno ben- morfolóxica e biodiversa en respectable estado, tan rica e tentadora como os contidos temáticos que toda súa conca atesoura e anímamos a profundar neles sentimental e intelectualmente. O río bríndanos estas emocións tanto no seu leito sereno, augas arriba dos salóns urbanos e "llaneras" polo Val do Lérez, como, e sobre todo, no resto do leito heroico.

Outros tantos factores de estudo, investigación, derivas e divulgación para a posta en valor de todo o territorio

vencellado, con outra pedra tamén como referencia ancestral, o patrimonio rupestre: sobresaen mámoas e insculturas a unha e outra banda, argumento para exposicións teóricas e gráficas, achegamento ás raíces comúns. As orixes dos que regamos as nosas vidas ao longo das idades coas augas da conca do Lérez, estendidas en natural fusión á ría que patrocina, con Mogor e seu "xeroglífico" como facho incuestionable no Morrazo que é ría do río Lérez.

## Unha mirada a contracorrente

A contracorrente, isto é, o posicionamento do territorio -dos territorios, apuntados os tramos final, medio e superior- completará a súa mirada e comprensión como un todo, e ao mesmo tempo, ancoraxes e nexos entre a beiramar que recibe as augas, o prelitoral que enmarca o val, e a media montaña, matriz xuvenil e madura do leito. O territorio que o Lérez umbilica, visto desde a cidade e ría cara o interior, permite aproximar máis ca adiviñar a conformación do propio val, posta a vista na barreira centralizada do monte Castelo que o pecha perceptiblemente polo leste (nas ladeiras, traxecto entre Bora e Viascón; polo oeste, o Acival sobre terras de Campo Lameiro, non visible



Se o val do Léz que conforman as terras baixas de Cotobade e Campo Lameiro coas de Pontevedra limítrofes (e unha miguiña de Ponte Caldelas, Mirón, Reigosa, verten ao Léz), visto a contracorrente, o Léz, definitivamente a partir de San Xurxo -o das recuperadas augas do San Xusto- métese en angosturas, profundos e belísimas paisaxes con canóns que definen xeograficamente a Terra de Montes. (Foto dos flamantes baños, e do río desde a Carballeira).

desde a foz). Máis lonxe, pechando polo norte, o cumio da Arcela, enriba da aldeíña de Cuspedriños, casal solitario. Último fito identificable ao lonxe, para non perderse...

Vai ser o vértice que debuxa a depresión xeográfica que chamamos Val do Léz. Detrás, as terras de montes tampouco se albiscan desde a foz. E definitivamente encaixado a partir de San Xurxo, o chanzo vial que representa o alto da Abeleira – límite dos concellos de Cotobade e de Cerdedo cando non eran mesma administración- adéntrase e consolídase o río nos eidos da Terra de Montes orixinaria. O seu trazado estableceu así unha dobre dirección para os traballos e os días de tantos ribeiregos marcados pola emigración:

os que seguiron as augas ata a outra banda do Océano, os que tiraron para a Meseta e máis alá. “*Castellanos de Castilla, trataide ben os galegos*”, pedía Rosalía, e nestas, bríndasenos outra oportunidade para establecer saberes e complicidades sobre a elección, deriva e protagonismos dos destinos migratorios elixidos polos fillos do Léz, etnia, ou etnias, peculiares, deberíamos acreditar que converxentes...

Na mediana baixa do triángulo que debuxa a depresión xeográfica que conforma o val, apenas metros sobre o nivel do mar, o Léz recibe ao seu máis importante e influente afluente, por máis que fornecedor de empaques á súa conca: o río Almoforei, que lle incorpora a ladeira leste do monte

Castelo e a noroeste do Seixo-Suido, nada menos que case dous terzos do extenso concello de Cotobade (Valongo e Augasantas verten máis para o Verdugo), o Cotobade medio e alto que centra a capitalidade, Carballedo.

A modo do outro brazo que abraza o tronco concal do Léz, o Almoforei é río cantarín que baixa das terras altas e polas medias de Cotobade, achegándolle á conca máis que auga: diversidade, densidade e territorio dispar. Río máis delgado, áxil, arriscado pero máis doméstico. Pecha a paréntese do leste concal nos tramos meridionais do río pai, ata o punto de que cómpre reparar en que as primeiras augas do Almoforei nacen en Caroi, que queda “enriba” de Cerdedo, pero preferiu dar unha volta longa, dono do seu, para achegarse ao Léz máis abaixo.

Ademais de confluír o Alfofrei con caudal en Ponte Bora, a súa particular conca suma e reforza unha despesa material e inmaterial que acaba de encher, porque é común en contidos pero suma volume, a que vimos entrelazando no Lérez. Aquel cóengo da catedral de Santiago nado no solar de Rebordelo, Salustiano Portela Pazos, deixounos un libro, seguramente discutible nalgúns contidos, pero indubidable documento de referencia para metemos na historia moderna de todas estas terras da conca lerezá: "O Cañón de Pau", que soergue con caracteres de lenda entre os protagonismos -neste caso imaxinativo por parte dos cotobadeses, buxo e ferreiro- dos poboadores das entón chamadas Terras de Montes e de Caldevergazo, no tempo da francesada. Un *leiv motiv* para o recordo a e estudo do antes e despois de tantas épicas e outras historias que teñen pegada na unidade que estrutura este Lérez que soubo da presenza prerromana, da potencia do Gremio de Mareantes, veu subir os foros de Marín cara Oseira, facer da sardiña petróleo, soportar a presión de arcebispos compostelás e merinos delegados desde a Torre de Presqueiras...

Cando en Folgoso o viaxeiro se aparta da N-541 para buscar o Lérez nas súas fontes, hai que mirar para o Candán sen necesidade de subilo, pois antes de que domee a paisaxe para outro mundo que xa non é a conca do Lérez, Aciveiro e o transformado mosteiro do Císter, tentan con parada

e fonda. Despois empezaremos a falar para empezar, e a afrontar a suxerente andaina entre vellas pontes medievais sobre un Lérez infante que por Forcarei abaixo vai véndose púber. Moito que ver, oír e falar. Moito que sentir.

En asuntos de recursos para o fomento do turismo de proximidade, e para o receptivo de maiores esixencias selectivas, cómpre combinar orixinalidade con excelencia, produtos diferentes, non contaminados e con acentos de exclusividade. Tales recursos veñen dados pola posta en valor, adecuadamente, dos feitos diferenciais nunha sociedade globalizada. É cando se presenta o reto de descubrir ou potenciar, ou de vestir adecuadamente sementando o convencemento compartido de que somos quen de complementar unha cultura e recursos de media montaña cos de litoral, vencellado a modo de xeodestino (licencia para a esaxeración, pero para entendérmonos)... os engados sofisticados urbanos cos contrastes pramenteiros da vida rural, a conxunción, xunguida, que xungue o Lérez (sigamos con licencias cacofónicas) semella articularse nun espíñazo dinámico que ten a Terra de Montes enriba, e o Val do Lérez e Ría de Pontevedra abaixo. As augas que alá nacen anovan cada minuto as que aquí se funden. E o noso patrimonio colectivo, transferible a quen queira compartilo, revélase ingrediente principal e definitorio dunha maneira de ser, fusionable pero diferenciada. Elementos de xustifico orgullo que

pide a articulación das iniciativas que por si soas non acaban de por a pica necesaria no Flandres da competencia e das competencias turísticas.

Deixamos flotando río abaixo algunhas concomitancias, para empezar un camiño por andar. Entre Aciveiro e Lérez dúas sabedorías localizadas, e unha riqueza de contrastes nucleadas por un río..., unhas maneiras de vivir de tronco común que nos levan, como augas cristalinas, a brillos conceptuais de alcance migratorio, vivencias ancestrais escritas en linguaxe petróglifo, enerxías medievais brandidas por Pedro Madruga ou reaccións alarmadas e heroicas cando a invasión napoleónica, repousos con selo moi propio cando se comparte o petote, a bincha, a becerra richada ou na grella, a filloa; cando non se formaliza un trato cun grolo de caña por garantía. Ese é no longo alcance, o territorio cara o que apunta quen mire para o nordés desde a Punta do Cabalo ou desde as veciñas Ons ou do alto de Raxó, desde A Caeira ou a Ponte da Barca... Eses e outros son latexos, pulsións e vivencias para un perfil identitario común, sermos arrieiros da nosa identidade. Antón Fraguas, fillo de Loureiro de Cotobade -outro dos brillos que o Alfofrei regalou ao Lérez- subliñou cando pregoeiro das festas de Pontevedra (1984), que gustaba camiñar ata Monte Porreiro "*para escoitar o bisbeo das augas do Lérez*". Benditos e suxerentes murmurios, será cousa de buscalos tamén máis alá...



Vista do Val do Lérez desde a Ponte da Barca, na foz do río en Pontevedra